

**AS NOVAS
DO IEM**

Don Paco del Riego e Nigrán

O 19 de outubro de 2002 o concello de Nigrán cumpría cun deber inescusable: recoñecer o inmenso labor realizado por Don Francisco Fernández del Riego en prol da lingua e da cultura galega. Foi aquela unha memorable xornada. Primeiro, no salón de plenos do Concello, tivo lugar a Sesión Extraordinaria de Honores do Pleno do Concello de Nigrán, na que o Alcalde don Manuel Rial Cadaval fixo entrega do pergameo e da medalla que recoñecen a don Paco como fillo adoptivo do concello no que reside durante catro meses ao ano dende hai máis de tres décadas. Dábase así cumprimento ao acordado por unanimidade na sesión ordinaria do pleno do concello de Nigrán de 27 de setembro de 2002. Tras as palabras do alcalde, don Paco respondeu cun emotivo discurso de agradecemento.

Ao remate dos actos oficiais, os asistentes e moitos outros que non tiveron cabida no salón de plenos desprazáronse ata o Pazo da Touza, no que tivo lugar unha homenaxe a don Paco del Riego na que interviron por esta orde: Xulián Maure, Xosé Luís Franco Grande, Xulio Ríos, Xesús Aramburu, Alfonso Álvarez Cáccamo, Isaac Díaz Pardo, Henrique Monteagudo, Antón Santamarina, Ramón Lugrís, Bernardino Graña, Antón Mascato, Camiño Noia, Xosé Ramón Barreiro, o director do Instituto de Estudos Miñoranos, Carlos Méixome, o alcalde de Nigrán Manuel Rial Cadaval; e pechou o acto don Paco noutro non menos emotivo discurso. A gaita do mozo Pedro Álvarez Fariñas inaugurou e clausurou esta homenaxe conducida por M^a Xesús García e que M^a Xosé González Chamorro adubou coa lectura de diversos fragmentos de obras de don Paco.


Xa pola media tarde procedeuse a descubrir unha placa nun recanto da praia de

Lourido, ben preto da residencia de don Paco e aínda máis preto dunhas características rochas nas que pousaba ao remate dos seus paseos matinais. A placa di:

DON PACO DEL RIEGO.
FILLO ADOPTIVO DE NIGRÁN
SERÁ SEMPRE RECORDADO NESTE ACOLLEDOR RECANTO
REMATE DOS SEUS PASEOS ESTIVAIS
NA BAIXAMAR DESTE AREAL DE LOURIDO.
NIGRÁN 2002

Aquela xornada quedou recollida nun fermoso libro editado polo Concello Nigrán, que ten como complemento un CD no que se recollen as intervencións das distintas personalidades que fixeron uso da palabra naquel fermoso día de outono.


Esta publicación presentouse nun acto que tivo lugar no salón de plenos de Nigrán o pasado 30 de abril e no que interviron o director do IEM, Carlos Méixome, o edi-



Portada do libro *Don Paco del Riego. Fillo Adoptivo de Nigrán*.



Antón Mascato, don Paco e Xulián Maure nos xardíns do pazo da Touza. (Foto: Alfonso Soliño)



Don Paco, Xulián Maure e Xosé Lois Vilar seleccionan os libros para a Biblioteca don Paco del Riego de Nigrán. (Foto: Rosana Estévez)

tor, membro da Xunta de Goberno do IEM e autor dunha biografía de don Paco que viu a luz con motivo da homenaxe do pasado 19 de outubro, Antón Mascato, e o vello amigo de don Paco e tamén membro da Xunta de Goberno do IEM, Xulián Maure, quen fixo unha fermosa defensa do libro e da lectura.

Aquela mesma mañá don Paco del Riego estampaba a súa sinatura, naquel mesmo salón de plenos, no documento de doazón ao concello de Nigrán dunha importante biblioteca que nestes momentos supe-
ra, con moito, o milleiro de títulos. Á súa

beira facíao tamén o alcalde Manuel Rial Cadaval.

No documento de cesión, don Paco deixa ao Instituto de Estudos Miñoranos o labor de “custodia e catalogación” da Biblioteca que se “manterá no seu conxunto nas dependencias do IEM”.

Ao acto vespertino púxolle fin o alcalde Rial Cadaval, despois de inaugurar a exposición sobre a vida e as actividades de don Paco que cedera amablemente a Concellería de Cultura de Vigo e que estivo aberta durante a primeira quincena do mes de maio. Neste acto estiveron presentes tamén o Concelleiro de Cultura, Arturo Carreira, o Sr. Xuíz de Paz de Nigrán, Eladio Alonso González, e o Concelleiro do BNG Xosé Lois Gutiérrez.

Agardamos que non sexa moito o tempo necesario para que os veciños e veciñas de Nigrán poidan gozar dunha valiosa biblioteca como a que nos agasallou don Paco del Riego; valiosa polo seu fondo, pola súa unidade temática (cultura e literatura galega) e polo seu alto valor bibliófilo, xa que moitos dos exemplares son primeiras edicións.

En facer realidade esta posibilidade estamos a traballar. Primeiro coa axuda do anterior goberno municipal e agora co actual. Se antes Manuel Rial Cadaval e Arturo Carreira se esforzaron para que a Biblioteca de don Paco e o Instituto de Estudos

DOAZÓN DE LIBROS Ó CONCELLO

No Concello de Nigrán, sendo as catorce horas do día trinta de Abril do ano 2003, ante min José Manuel Rial Cadaval,

D. Francisco Fernández del Riego fillo adoptivo deste Concello, fai doazón de 706 libros da súa biblioteca, acto recollido no Decreto 201/2003 que di:


“D. Francisco Fernández del Riego, fillo adoptivo de Nigrán, fai doazón a este Concello de 706 libros da súa biblioteca, que figura relacionados no anexo ó escrito de 25 de abril de 2003 con número de entrada nº 2259, e que serán depositados nas dependencias que o Instituto de Estudos Miñoranos ten no colexio de Nigrán-San Pedro.

A Vista do anterior, esta Alcaldía-Praxidancia RESOLVE:


FRENTEIRO.- Aceptar a doazón dos citados libros e agradecer a mesma a D. Francisco Fernández Del Riego.

SEGUNDO.- Encomendar o Instituto de Estudos Miñoranos a custodia e catalogación do referido material bibliográfico que se mantendrá así seu conxunto nas dependencias que o citado Instituto utiliza dentro do edificio escolar de Nigrán.”

En nome dos veciños de Nigrán, quero agradecer esta doazón que contribúe ó engrandecemento da cultura do noso pobo.




Fdo: Francisco Fernández del Riego.



Fdo: José Manuel Rial Cadaval

Documento de doazón.

Miñoranos tivese uns locais dignos (achegando solucións, resolvendo problemas burocráticos, aportando recursos para iniciar os traballos de remodelación), agora o actual goberno, e nomeadamente a Concelleira de Cultura Aurora Carvajal, segue polo mesmo camiño, procurando solucións e recursos para rematar o acondicionamento dos locais e que a Biblioteca de don Paco poida catalogarse e sobre todo lerse, que ese é o seu fin. Pronto, sen dúbida, nos locais do CP de Mallón poderemos visitar esta biblioteca perfectamente catalogada e ordenada.



Acto de presentación do documento de doazón da Biblioteca de Don Paco del Riego e do libro editado polo Concello de Nigrán. De esquerda a dereita: Carlos Méixome, Xulián Maure, Manuel Rial (alcalde), Eladio Alonso González (xuíz de paz), Arturo Carreira, Antón Mascato e Xosé Lois Gutiérrez. (Foto: Ánxeles Bouzó)

Pronunciamentos do IEM

Nos últimos meses o IEM ten tomado posición sobre dous importantes acontecementos que afectan ao medio natural como soporte das actividades económicas e lúdicas na comarca: o recheo en Baiona para a construción das instalacións comerciais e de servizos auxiliares ao novo porto deportivo, e a instalación dunha plataforma-barco-cafetería-restaurante no interior da Foz da Ramallosa. Reproducimos a continuación os dous textos.

Posición do IEM a respecto do proxecto de recheo en Baiona para a instalación dun aparcadoiro, un restaurante e dos edificios auxiliares ao novo porto deportivo.


O Instituto de Estudos Miñoranos, que pretende o estudo e divulgación da cultura e, en xeral, de todo o referente ao patrimonio natural, histórico, artístico, arquitectónico, etnográfico, lingüístico... dos tres concellos do Val Miñor, non pode deixar de manifestar, ante os veciños e veciñas do

Miñor, a súa opinión ao respecto de determinados proxectos económicos que, cando

menos, supoñen unha modificación substancial do estado actual do noso patrimonio natural e mesmo do arquitectónico e histórico, sen esquecer o importante impacto paisaxístico.

A Comarca do Val Miñor debe o seu actual nivel de desenvolvemento e benestar tanto ao seu clima como á súa paisaxe humana e natural. Estes elementos configuran un medio integrado entre as actividades de pesca e marisqueo propias do litoral, as cada vez máis escasas actividades agrarias e as actividades recreativas, residenciais e de lecer propias da “industria” turística, permitidas xustamente estas últimas pola singularidade dese patrimonio natural.

Se queremos que as vindeiras xeracións sigan vivindo e gozando dos mesmos recursos económicos e naturais dos que hoxe nós o facemos, debemos sempre ter moi presente que todas aquelas obras, instalacións ou actuacións sobre o litoral deben estar estritamente controladas e non deben implicar cambios irreversibles no medio nin incidir negativa-



O proxecto de recheo de 11.787,70 m² en Baiona causa un impacto que diminúe considerablemente o valor do medio no que se inscriben. (Foto: Rosana Estévez)

mente sobre o seu valor como recurso económico, no cal baseamos o noso desenvolvemento actual e futuro.

Neste sentido, tanto o proxecto de recheo de 11.787,70 m² en Baiona para a instalación dun aparcadoiro, un restaurante e dos edificios auxiliares ao novo porto deportivo, como a presenza dun barco no interior da Foz para, seica facer nel un restaurante, se ben son actuacións que no curto prazo poderán xerar unha certa actividade económica, non é menos certo que causan un impacto de tal dimensión que diminúe considerablemente o valor do medio no que se inscriben. Precisamente o valor do medio natural que temos, as vistas, as aves da foz, a marisma, as praias... é o recurso no que se basea a nosa "industria" turística, e polo tanto a nosa calidade de vida. Como di o refrán: pan para hoxe e fame para mañá.

As necesarias precaucións teñen xa sido sinadas en traballos realizados polos profesores da Universidade de Vigo I. Alejo e F. Vilas (*Dinámica litoral y evolución histórica de la ensenada de Baiona*, Pontevedra. *Thalassas* 5, 21-32 e *Ambientes sedimentarios de la ensenada de Baiona*, Pontevedra. *Cadernos Xeol. de Laxe*. A Coruña.

12:11-14), que apuntan a necesidade de realizar estudos completos sobre o funcionamento natural antes de realizar calquera obra na costa, e o papel que a circulación das augas da enseada xoga na distribución granulométrica dos sedimentos, polo que calquera modificación na dinámica circulatoria provocará un cambio nos depósitos sedimentarios.

Neste sentido, os datos de intensidade e dirección da corrente tomados cada

10 minutos e durante 15 días (únicos datos nos que se basea o estudo de dinámica litoral do Estudo de Impacto Ambiental do proxecto de "Instalacións para a náutica recreativa no porto de Baiona"), non parecen ser suficientes como para poder tirar algunha conclusión seria sobre os movementos de auga e dos sedimentos ao longo do ano, e polo tanto sobre a posible afectación ás praias (especialmente á praia do Burgo) da obra prevista.

Ambas as dúas son ademais actuacións innecesarias. Restaurantes hai dabondo na nosa comarca, de todas as clases e calidades e situados en todo tipo de lugares. Á súa vez, o proxecto de aparcadoiro só incrementará innecesariamente o tráfico nun lugar no que xa hoxe é "imposible" tanto no verán como nas fins de semana, e mesmo nalgúns horas do día a día.

Asdo.: Fernando Lahuerta Mourino
Pola Xunta de Goberno do
Instituto de Estudos Miñoranos

Alegacións do IEM ante a solicitude para a instalación dunha embarcación con fins hostaleiros na Foz do Miñor.

O Instituto de Estudos Miñoranos, e no seu nome Don Fernando Lahuerta Mouriño, Vocal de Medio Ambiente da Xunta de Goberno, e con DNI 36.030.430,

EXPÓN:

1. Que vista a solicitude de autorizacións administrativas para a instalación dunha embarcación con finalidade de servicios de hostalería, no concello de Nigrán.
2. Que “segundo Resolución..., da Dirección Xeral de Costa, pola que se somete a información pública o citado proxecto, promovido por...”
3. Dende esta asociación queremos facer a seguinte alegación ao proxecto:

A plataforma-barco-restaurante-cafetería¹ preténdese instalar nun espazo definido pola súa fragilidade ecolóxica e polo seu grande valor natural e productivo, e ningunha destas consideracións se teñen en conta na documentación entregada polos promotores do proxecto, xa que esta está caracterizada pola falta de rigor, tanto desde un punto de vista técnico como xustificativo de que a actividade que se pretende realizar está enmarcada dentro do desenvolvemento sostible.

XUSTIFICACIÓN DA ALEGACIÓN

Conceptos previos

- a) *Fragilidade ecolóxica*. Os esteiros son lugares de mestura de augas doces e salgadas e sometidos a un réxime cambiante de correntes en consonancia aos rit-

mos mareais, nos que os parámetros físico-químicos (salinidade, presenza de osíxeno no sedimento, etc...) determinan unha característica distribución espacial da flora e fauna presentes e unha mobilización e redistribución continua de sedimentos. Todas estas características atópanse nunha situación de equilibrio dinámico, de tal xeito que a modificación dun dos factores causa a modificación dos demais.

- b) *Valor Natural*. Os valores naturais deste espazo quedan subliñados polo feito da súa candidatura a formar parte da Rede Natura 2000, rede de espazos naturais de significación europea definida a partir das coñecidas como Directiva Hábitat e Directiva Aves da Unión Europea. Esta candidatura leva aparelada a súa inclusión na lista de Espazos Naturais en réxime de protección xeral ao abeiro do Decreto 82/1989, do 11 de maio, polo que se regula a figura de Espazo Natural en réxime de protección xeral da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.
- c) *Producción biolóxica*. A Foz, e así consta na documentación existente, forma parte dunha concesión marisqueira a favor da Agrupación de Mariscadoras da Confraría A Anunciada de Baiona, a resultas da cal traballan 40 mariscadoras que extraen do seu interior ameixa fina e croque, ao tempo que serve de lugar de cría de ameixa fina e ostra.

· A falta de rigor que se alega baséase:

- a) na inexistencia de documentos técnicos que permitan avaliar as afirmacións que presenta o proxecto no referido, entre outros, a temas como a evacuación de augas grises e negras, a ausencia de cone-

¹ Segundo escrito da Capitanía de Vigo : “...le manifiesto que en los documentos presentados en esta Capitanía por los propietarios se ha indicado que su finalidad es la de servir de restaurante o similar permanentemente apoyada en el fondo y conectada a tierra, por lo que no tiene la consideración de buque, ya que su explotación excluye la navegación, ...”, polo que non é propio referirnos a el como barco e de aí o nome de plataforma.

xión á compañía eléctrica ou a xestión dos residuos sólidos xerados.

- b) na presenza dun conxunto de páxinas baixadas de internet sobre percorridos en barco e outras actividades que se poden levar a cabo nalgúns parques naturais e nacionais e con escasa, ou ningunha, relación coa plataforma-barco-restaurante-cafetería que se pretende instalar na Foz da Ramallosa, e co que se pretende xustificar a actividade como sostible desde un punto de vista ambiental.

1.- Ausencia de documentación técnica que permita avaliar a idoneidade ambiental da xestión das augas do proxecto.

Na documentación só se indica que haberá conexión a Seragua e á rede de sumidoiros de Nigrán para o subministro de auga limpa e descarga de augas residuais.

¿Como serán tales conexións? ¿Como é a rede interna de conducción de augas negras do barco-restaurante? ¿Que normas técnicas cumpren? ¿Con que material están construídas? ¿Cal é o seu calibre? ¿Como serán impulsadas as augas residuais?

O proxecto en cuestión non se trata da instalación dunha cafetería-restaurante nun edificio solidamente cimentado e no que as conexións á rede pública de subministro de auga e de descarga de augas residuais se realiza conforme a unha norma coñecida e repetida unha e outra vez en tódolos edificios.

Trátase dunha plataforma separada de “terra” máis de dous metros, e sometida a movementos de tracción como consecuencia das correntes de marea e dos temporais.

¿Que solución se adoptará cos tubos de subministro/evacuación de augas para resolver esta separación física entre o barco-cafetería-restaurante e “terra”?

Hai que subliñar, ademais, que “terra”, é dicir o lugar por onde se pretende acceder á plataforma-barco-restaurante-cafetería, é un espazo público dedicado a paseo e próximo a un parque de xogos infantís,

polo que non é un lugar acondicionado para que se fagan todo este tipo de conexións de subministro/evacuación de augas, e será necesaria a realización de distintas obras. ¿Como afectarán estas obras ao Dominio Público Marítimo Terrestre?

Ningunha destas preguntas é contestada na documentación exposta ao público, e polo tanto non podemos avaliar a idoneidade das solucións adoptadas desde o punto de vista da protección do medio natural para evitar accidentes e/ou descargas accidentais que poidan contaminar gravemente o medio acuático.


2.- Ausencia de documentación técnica que permita avaliar a idoneidade ambiental da conexión á rede eléctrica.

Na documentación exposta ao público non se menciona a conexión á rede eléctrica de Unión-Fenosa, e si se menciona a existencia de dous xeradores de corrente.

¿Que tipo de combustible se empregará? ¿Como se realizará a carga de combustible para o funcionamento dos xeradores? ¿Que medidas se adoptarán para evitar a contaminación do medio acuático no caso de derrames accidentais durante o transvasamento de combustible ao barco restaurante-cafetería? ¿Haberá depósitos de combustible no interior do barco restaurante-cafetería? ¿Cantos? ¿Que normas de seguridade se establecerán para evitar os riscos derivados da súa presenza?

A solución de abastecerse de enerxía eléctrica mediante xeradores dá lugar á creación de dous focos de contaminación permanente nun lugar onde non existía ningún, que no proxecto non se mencionan en ningún momento, e para os cales, obviamente, tampouco se indican medidas correctoras dos seus efectos:

- a) Prodúcese fumes, derivados da combustión do combustible, e que deberán ser emitidos á atmosfera. ¿Como serán emi-



Os valores naturais deste espacio quedan subliñados polo feito da súa candidatura a formar parte da Rede Natura 2000. (Foto: Rosana Estévez)

tidos? ¿Por onde? ¿Como se evitará que os fumes “aneguen” o paseo circundante e o parque de xogos infantil veciño?

- b) O funcionamento dos xeradores orixina ruído e vibracións. ¿Que tipo de illamento se contempla para non causar molestias sonoras, tanto aos usuarios do paseo peonil como á fauna presente na Foz? ¿Como se evitará a transmisión das vibracións ao casco e de aquí aos sedimentos para que non se produza a súa remobilización?

Para ningunha das cuestións propostas nos parágrafos anteriores establece a documentación entregada unha solución que poida ser avaliada con rigor e obxectividade desde o punto de vista do seu impacto no medio aéreo e acuático.

3.- Ausencia de documentación técnica que permita avaliar a idoneidade ambiental da xestión dos residuos sólidos.

Na documentación exposta ao público menciónase que a xestión de residuos sólidos efectuarase mediante a recollida e depósito nos colectores que a tal fin se empregan na recollida do Concello de Nigrán.

No referido aos residuos xerados na cociña, comedor ou cafetería que estea localizada no interior do barco, este tipo de xestión

pode resultar efectivo á hora de evitar que os residuos sólidos alcancen ao medio acuático circundante á plataforma-barco-cafetería-restaurante, pero no referido ás instalacións sobre cuberta, ¿como evitar que a instalación sexa un foco permanente para encher as augas da Foz de papeis, cabichas de tabaco, e de todo tipo de residuos que podemos observar no chan de calquera cafetería?

Tampouco este tipo de problemas son tratados na documentación, e polo tanto non podemos avaliar as solucións adoptadas.

4.- Integración de proxecto no medio natural. Desenvolvemento sostible.

Unha parte da documentación entregada está formada por fotocopias de folletos da Unión Europea sobre a Rede Natura 2000 e páxinas baixadas de internet, de empresas que ofrecen servizos turísticos en distintos parques naturais e nacionais de España, nas que algunhas frases aparecen subliñadas.

Con este conxunto de fotocopias preténdese xustificar o proxecto como común (é dicir, presente noutras partes) e respectuoso co medio natural.

No referido á primeira cuestión, a propaganda das empresas que ofrecen servizos turísticos que figuran na documentación refírese sempre a percorridos turísticos en barco no interior da baía de Cádiz e nas marismas do río Odiel en Huelva, polo que resulta difícil de establecer a relación entre o servizo turístico que se pretende realizar na Foz da Ramallosa e o mencionado na propaganda que forma parte da documentación.

Esta perplexidade acentúase co texto manuscrito nunha das fotocopias, no que textualmente di:

“También se puede considerar el ejemplo del parque natural de Doñana que cuenta con más de 50 Restaurantes y Cafeterías. Estas estructuras son en duro y quizás se puedan considerar como más nocivas para el entorno.”

¿Que debemos entender con esta frase?

A flora e fauna que habitan o Parque Nacional (que non Natural) de Doñana non teñen a súa disposición cafeterías nin restaurantes, xa que este tipo de instalacións, obviamente, sitúanse fóra dos hábitats naturais que se pretenden protexer (unha situación moi distinta á da plataforma-barco-restaurant-cafetería, xa que o pretenden instalar dentro da marisma, o hábitat natural protexido.

O desenvolvemento sostible, que as actividades industriais ou de servicios que realicemos estean integradas no medio, son algo máis que meras declaracións de intencións, e non basta con subliñar as declaracións da Comisaría de medio ambiente da Unión Europea:

“La conservación de la naturaleza forma parte de la ordenación territorial y puede ser compatible con numerosas actividades económicas e incluso fomentar la creación de empleo.”

Ou subliñar os obxectivos da Rede Natura 2000:

“... teniendo presente las exigencias científicas, económicas, sociales... Por tanto la Red Natura 2000 no tiene por objeto crear santuarios de naturaleza donde toda actividad humana esté sistemáticamente prohibida.”

Simplemente hai que cumprilas.

Ordenación territorial significa, por exemplo, cumprir o Regulamento da Lei de Costas cando no seu artigo 60 indica que a ocupación do Dominio público marítimo terrestre só pode efectuarse por aquelas actividades ou usos que non poidan ter outra localización para poder ser levados a cabo, e para servir comidas, cafés, etc.

resulta obvio que non é necesaria tal ocupación (RD 1471/de 1 de diciembre por el que se aprueba el Reglamento General para el desarrollo y ejecución de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas).

A conservación da natureza pode ser compatible con numerosas actividades económicas sempre que estas non teñan, ou coñezamos, os efectos que producen no medio no que se realizan, e a documentación exposta ao público adoece, por exemplo, de:

- a) un estudio básico de dinámica litoral que esixe o artigo 91, apartado 3, do Regulamento da Lei de Costas, xa que o barco cafetería-restaurant pretende instalarse no mar ou na zona marítimo-terrestre (RD citado).
- b) un informe de incidencia ambiental para evitar o deterioro dos valores que determinaron a inclusión do espacio no Rexistro de Espacios Naturais en réxime de protección xeral (“Decreto 82 / 1989, do 11 de maio, polo que se regula a figura de Espacio Natural en réxime de protección xeral” da Xunta de Galicia).

Na documentación consta un documento da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente no cal se indica que:

“.. o citado proxecto non está incluído nos supostos para os que é obrigatoria a tramitación de impacto ambiental ou de efectos ambientais.”

Respecto a este documento quixéramos precisar:

A lexislación sobre a incidencia ambiental de obras e proxectos:

- a) non só está formada polo RD lexislativo 1302/1986, de 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, modificado pola Lei 6/2001, de 8 de maio, á que se fai referencia
- b) está repartida en numerosas normas de carácter sectorial coas que se consegue unha maior adecuación entre definición

de actividades/proxectos e protección do medio.

c) o cumprimento dunha norma non exime do cumprimento das demais que poidan estar relacionadas co mesmo tema.

Así, o RD lexislativo 1302/1986, no seu Anexo II, ocúpase de grandes obras e/ou instalacións, e o que se pretende instalar na Foz da Ramallosa non o son, polo que dificilmente será aplicable esta norma.

O “Reglamento General para el desarrollo y ejecución de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas”, e o “Decreto 82/1989, do 11 de maio, polo que se regula a figura de Espacio Natural en réxime de protección xeral” da Xunta de Galicia, indican claramente a necesidade da realización de estudos previos que preveñan os efectos negativos que a instalación desta plataforma-barco-restaurant-café ter na Foz, tanto a nivel de alteración dos sedimentos como da vida da fauna presente e a interferencia coa explotación de moluscos alí existentes.

Visitas á Foz do Miñor

Como continuación dos itinerarios propostos no verán e centrada nesta ocasión no patrimonio natural da comarca, o IEM, en colaboración coa Sociedade Galega de Ornitoloxía e o Concello de Nigrán, organizou unha visita guiada de observación de paxaros á Foz da Ramallosa.

Eran tres as visitas, pero o chapapote do Prestige impediu organizar a que se ía celebrar no mes de decembro. Nas dúas realizadas, domingo 10 e sábado 23 de novembro, contou coa presenza de César Vidal (da SGO) e Fernando Lahuerta (do IEM), quen provistos de telescopios e prismáticos foron mostrando aos asistentes todas e cada unha das aves presentes, así

Ante o anteriormente exposto, o Instituto de Estudios Miñoranos

SOLICITA:

- 1º- Que consideren que a falta de rigor do proxecto non pode derivar nunha aprobación do mesmo, xa que non presenta o requirido na lexislación de costas e a lexislación sectorial de aplicación.
- 2º- Que consideren o elevado impacto ambiental que a execución do proxecto significaría e rexeiten o mesmo.
- 3º- Que teñan informado ao Instituto de Estudios Miñoranos por escrito das medidas emprendidas ao respecto, no seu enderezo postal: Apartado de Correos nº 30. 36380 - Gondomar.


En Nigrán, a 7 de Marzo de 2003
Asdo.: Fernando Lahuerta Mouriño
Vocal de Medio Ambiente da
Xunta de Goberno do IEM.

como as características e importancia do lugar.

A importancia da Foz está ligada aos distintos ambientes que presenta como resultado da mestura de augas doces e salgadas que ocorre no seu interior, e podemos resaltar tanto o seu valor como sede de recursos económicos (marisqueo e turismo) como os seus valores naturais e didácticos.

Os valores paisaxísticos do lugar maniféstanse por si mesmos, e podemos destacala importancia natural do lugar sinalando a presenza da lontra, da saramaganta ou dos paxaros que empregan a Foz como área de invernada ou de descanso durante a migración entre o norte de Europa e o continente africano.

No que respecta ás aves invernantes, trátase sempre de poucos exemplares, pero



César Vidal e Fernando Lahuerta durante unha das visitas á Foz. (Foto: Ánxeles Bouzó)

a diversidade, o número de especies presentes, é moi grande. Así, ata 90 especies distintas de aves ligadas ás zonas húmidas foron vistas na Foz ou nos seus arredores mariños (enseada de Baiona, Praia América) nos últimos 12 anos.


Podemos enfatiza-lo valor natural sinalando a presenza común de aves catalogadas entre as máis ameazadas de Europa, como é o caso do Martiño Peixeiro, dos Mazaricos Rabipinto e Rabinegro ou do Carrán Cristado, e se temos en conta

as especies escasas e raras poderíamos contar dezaoi-to casos máis.

Pero con todo, o principal valor deste espacio natural é o seu valor didáctico e pedagóxico. A meirande parte de aves presentes podémo-las observar directamente cos nosos ollos, e mentres paseamos cos amigos ou coa familia podemos ver pescar aos cormoráns, como cazan as garzas, ou como o mazari-

co introduce o seu longo bico na lama e atrapa as miñocas.

Esta proximidade, xunto o alto grao de urbanización e a densidade de poboación dos seus arredores, forma parte dos perigos e ameazas que afronta este espacio natural, e por iso cómpre que se tomen medidas de ordenación, que divulguemos e preservémo-los seus valores naturais para que os nosos fillos poidan o día de mañá gozar dos paxaros e outros animais da Foz.



CD-Rom Guide. *All the birds of Europe*. BirdGuides Ltd. UK.

• INVERNANTES COMÚNS •

- Corvo Mariño Real
- Corvo Mariño Cristado
- Garza Real
- Garzota
- Lavanco
- Parrulo Pentumeiro
- Azor
- Gabián
- Miñato
- Galiña de Río
- Gabita
- Mazarico Galego
- Gaivota Común
- Gaivota Chorona
- Carrán Cristado
- Carrán Carrán
- Martiño Peixeiro

Xoán Bernárdez Vilar “A etapa portuguesa de Colón e a súa viaxe ultra Tile”

Continuando co labor divulgativo de libros vencellados ao Val Miñor, o pasado 21 de febreiro tivemos a ocasión de escoitar en Baiona o escritor Xoán Bernárdez Vilar presentando a súa obra “A etapa portuguesa de Colón e a súa viaxe ultra Tile”, editado por Galaxia no ano 2003.

A vinculación de Xoán Bernárdez co Miñor non só vén dada polos moitos anos que leva vivindo coa súa familia no “descoñecido barrio de Ceán”, en palabras do propio Bernárdez, de Nigrán, ou o seu traballo en Gondomar, ou ao fronte do Centro Sociodeportivo URECA nos muíños de Mallón, senón tamén polas múltiples referencias que este Val ten en toda súa obra.

E a mellor herdanza que Xoán Bernárdez nos deixa é o seu libro *Un home de Vilameán*, obra editada por primeira vez en Montevideo en 1976 e que xa vai pola sétima edición, e gracias á cal ímonos chegar á Revolución Irmandiña a través dos ollos e da vida e morte dun veciño de Vilameán, Pedro Bas, e da súa dona María de Vilariño. Este fermoso personaxe de ficción vainos trasladar á Galicia das loitas de reis e señores feudais e a irrupción da Irmandade para tentar levar ao pobo un anaco de xustiza.

Pero voltando ao libro que se presentou o pasado febreiro no Pazo de Mendoza de Baiona, *A etapa portuguesa de Colón e a súa viaxe ultra Tile*, temos a impresión de que escollemos o lugar ideal para facer esta presentación por varios motivos: por ser Baiona o primeiro punto do vello continen-

te en que se soubo da existencia do descubrimento de América, aínda que esta teoría foi desmontada por Xoán Bernárdez, xa que argumentou que

foron os habitantes das Illas Azores, territorio europeo, os que antes souberon a nova; pola data, pois estabamos a tan só dúas semanas de achegarnos ao 1º de marzo, data na que a Carabela “A Pinta” atracou nas augas do Miñor; e tamén, por que non, polo feito de estarmos nun municipio turístico que acolle, segundo nos ten contado Carlos de la Peña na “Gavela do Guillade” ou nalgún artigo, un gran número de turistas chegados de Portugal, escenario onde Xoán Bernárdez sitúa o groso do seu relato.

Á presentación a cargo do subdirector do IEM, Xoán A. González, seguíronlle as verbas agarimosas do director literario da Ed. Galaxia, Carlos Lema, e por último o relato imaxinativo e didáctico de Xoán Bernárdez desvelándonos a importancia que tivo na vida de Colón e nos seus posteriores “descubrimentos” esta longa etapa que viviu en Portugal, na que perfeccionou os seus coñecementos cartográficos, xeográficos e de navegación e realizou longas viaxes marítimas, até achegarse a Tile, experiencias esenciais para o seu posterior “descubrimento” do Novo Mundo.



O autor, Xoán Bernárdez Vilar, o director literario de Galaxia, Carlos Lema, e o subdirector do IEM, Xoán González. (Foto: A. Bouzó)

Presentación do número 2 da Revista de Estudos Miñoranos

Co salón do Hotel Pazo Mendoza a rebordar de xentes do Miñor, celebrouse o 22 de novembro de 2002 o acto de presentación pública do número dous da REVISTA DE ESTUDIOS MIÑORANOS que edita o INSTITUTO DE ESTUDIOS MIÑORANOS (IEM). O acto de presentación correu a cargo dos membros da Xunta de Goberno do IEM Xosé Lois Vilar e Xoán González, así como do Presidente da Comunidade de Montes de Sabarís e da Organización Galega de Comunidades de Montes, Xosé Alfredo Pereira, e do director do IEM Carlos Méixome.

Na revista anual do IEM recóllense ensaios sobre os distintos aspectos do Val Miñor, mais tamén, no seu apartado O MEU VAL MIÑOR, teñen cabida páxinas de creación. Nesta ocasión os colaboradores desta sección están encabezados por don Paco del Riego, acabado de nomear fillo adoptivo de Nigrán, ao que acompañan Antonio de Bade, o xornalista Víctor Viqueira, así como as composicións poéticas do pintor Caíno Vasconcellos, Antonio Mouriño e Carlos Martínez.

O anuario remata cunha sección denominada AS NOVAS DO IEM, na que se fai

un repaso a aquelas actividades que dende o número 1 da publicación realizou a nosa institución. Indicar que nesta sección

recóllense os textos da sentida homenaxe realizada ao noso compañeiro, tristemente desaparecido, Nano Cambeiro.

A respecto dos ensaios, cómpre salientar que se tratan con certa profundidade tres temas. En primeiro lugar os petroglifos do Val Miñor; deste xeito recóllese a conferencia inaugural –pronunciada polo arqueólogo conservador do Museo de Pontevedra Antonio de la Peña Santos– da exposición que co mesmo título percorreu os tres concellos do Val e gran parte de Galicia; así mesmo, Francisco Xabier Costas Goberna apórtanos algunhas consideracións sobre o estado actual e as intervencións necesarias para conservar os gravados rupestres dos Campos.

O segundo tema abrangue tres traballos sobre as ESCOLAS PROVAL. No primeiro deles a profesora da U. de Vigo M^a Carmen Pereira achéganos un estudio sobre a preocupación por parte dos impulsores (A UNIÓN HISPANO-AMERICANA PRO VALLE MIÑOR) daquel gran proxecto educativo a respecto da formación docente. O traballo conxunto dos profesores da U. de Santiago, Antón Costa Rico, e da U. de Vigo, Xosé M. Malheiro Gutiérrez, infórmanos sobre a innovadora acción educativa e da influencia que sobre o sistema pedagóxico tivo un dos máis relevantes pedagogos do momento como foi Ignacio Ares de Parga, quen mesmo chegou a visitar as Escolas para comprobar o seu funcionamento.

Remata este grupo de traballos cunha achega chea de saudade que nos fai Xoán A. González Pérez nunha



De esquerda a dereita: Xosé Alfredo Pereira, Carlos Méixome, Xoán González e Xosé Lois Vilar durante a presentación. (Foto: A. Bouzón)



Aspecto do salón do Hotel Pazo Mendoza durante a presentación da revista do ano 2002. (Foto A. Bouzó)

entrevista a alumnos e alumnas das escolas durante a súa segunda xeira, en torno aos anos cincuenta do pasado século.

O estudio do patrimonio arquitectónico forma o terceiro grupo de traballos. Nel inclúese un estudio sobre o Antigo Hospital de Sancti Spiritus de Baiona, na actualidade Biblioteca Municipal, que realiza o arquitecto e estudioso do patrimonio Xai-

me Garrido Rodríguez. O especialista en Antonio Palacios Xosé María Ramón Iglesias Veiga aclara nun detallado estudio todo o relacionado coa construción do monumento da Virxe da Rocha; mentres a profesora da ESTA de Madrid María A. Leboreiro aporta un traballo sobre a obra do arquitecto Bar Bóo no Val Miñor.

O ensaio de Xosé Alfredo Pereira, partícipe importante dos feitos, recupera a memoria histórica da loita pola recuperación dos Montes Veciñais e os seus esforzos por agruparse, que se confirman na realidade actual da Mancomunidade de Montes do Val Miñor e na Organización Galega de Comunidade de Montes. E Serafín Villanueva fai unha achega sobre o que deberían ser as Asociacións de Veciños.

Nesta ocasión incorporáronse ilustracións de artistas miñoranos, en concreto reproducións de dous cadros de Caíno Vasconcellos e de dúas esculturas de Fernando Casás.

Presentación do Número Monográfico da Revista de Estudos Miñoranos dedicado a Carlos Casares


Na Cafetería “Eladio”, á beira do mar de Panxón, tivo lugar a presentación do Número monográfico da nosa revista dedicado a Carlos Casares. Era o 27 de febreiro.

Un ano e catro días antes Carlos Casares participaba en Gondomar na presentación dun Caderno do IEM no que se recollen quince anos de coplas do enterro da sardiña. Daquela fixera un fermoso discurso sobre a relación entre entroido e tolerancia. Nós permitímonos recoller as súas palabras, poñelas sobre o papel e denominálas “Eloxio da tolerancia”. Aquelas fermosas palabras foron ditas, non escritas; pero moi-

ta xente sabe que Casares dicía tan ben como escribía. Saben ben diso as mesas do “Eladio”, da súa destreza para contar, centrar a atención dos contertulios, así como da súa excepcional xenerosidade co tempo para a conversa e os amigos.

A cafetería estaba pechada, mais o Pin e a súa familia abrírona para acoller aquela pequena homenaxe das xentes do Miñor ao veciño, ao amigo, ao conversador e ao escritor co que se pasan horas no silencio da lectura. Veciños, amigos e lectores encheron a cafetería do “Eladio” para estar outra vez xuntos con Carlos Casares.

O acto iniciouse coa voz de Carlos Casares tomada do CD que acompaña a publicación e que recolle unha longa entrevista que no seu momento se realizou na Radio Val Miñor (Municipal de Nigrán). Repro-



De esquerda a dereita: Carlos Méixome, M^a Xosé González, Antón Mascato, Kristina Berg, Arturo Carreira, Camiño Noia e Xosé María Fonseca. (Foto: A. Bouzó)

duciuse o parágrafo no que Casares fala do Val Miñor; dicía: *“Ben, en realidade non vivín en ningún sitio máis tempo seguido que aquí, é dicir aquí levo xa dezaoto ou dezanove anos, que non os pasei en ningún sitio, nin sequera en Xinzo, pasei bastantes menos porque marchei a estudar. Logo en Cangas vivín oito anos. En Santiago os anos de estudos. É dicir, que dezaoto anos seguidos por vez primeira na miña vida paseinos aquí, ou sexa que é o lugar onde vivín máis tempo.”*



Alejandro Martínez durante a súa interpretación. (Foto: R. Estévez)

Logo, o xornalista Alejandro Martínez deixou os seus labores profesionais para entregarse aos vocacionais, tomou a súa guitarra e deleitounos a todos cunha homenaxe sonora a Carlos Casares interpretando un tango de Tárrega.

O director do IEM, Carlos Méixome, foi introducindo aos participantes no acto. Primeiro María Xosé González, veciña de Panxón, profesora do IES Esco-

las Proval e autora xunto a Alberte Valverde, tamén profesor, dunha achega biográfica a Carlos Casares. Con posterioridade tomou a palabra Antón Mascato, director de Ed. do Cumio, membro do IEM, coordinador da edición deste monográfico e autor tamén dunha achega ao traballo de Carlos Casares como editor. As gabanzas que recibiu Antón Mascato polo seu labor editorial ben merece a pena que sexan recollidas nestas liñas, así como os eloxios ao traballo do deseñador Manoel Santos.

A continuación a profesora da Universidade de Vigo Camiño Noia analizou o papel de Casares na narrativa galega actual, que é tamén o tema que desenvolve o traballo que incorpora a este monográfico da nosa revista.


Xosé María Fonseca Moretón, asiduo contertulio nas noites estivais de Panxón ao remate das cales quedaba arranxado non o país, ¡senón a humanidade enteira!, achegounos a súa fina ironía, o seu dicir led e o seu *Terras Gauda* para que o remate do acto se convertese nun demorado, múltiple e variado intercambio de palabras, saúdos e pareceres.

O concelleiro de Cultura de Nigrán, Arturo Carreira, quen posibilitou este e outros actos que en Nigrán tiveron lugar en recoñecemento de Carlos Casares, tomou

a palabra en representación do alcalde, que non podía acudir por motivos laborais, para agradecer a presenza dos asistentes e mostrar a ledicia que lle producía ter nas mans unha publicación que a ben seguro sería do gusto do homenaxeado.

Puxo remate ás intervencións Kristina Berg, quen agradeceu este recoñecemento e valorouno en especial por vir dos seus veciños de Nigrán e do Val Miñor, así como pola calidade da publicación.

O número especial da revista complétese con traballos de Iago Martínez, sobre a obra xornalística de Casares; de Fran Alonso, sobre a literatura para nenos; de Bieito Legaspi, sobre a outra obra; de Gonzalo Navaza, sobre o labor de traductor. Así como coas colaboracións de Manuel Rodríguez Álvarez, Miguel Viqueira, Xulio Ríos, Antonio Araújo, Xosé María Fonseca e Bieito Ledo, que nos acercan o lado



A cafetería "Eladio" de Panxón encheuse de xente para a presentación do monográfico. Entre os asistentes, Håkan Casares. (Foto: R. Estévez)

máis persoal de Carlos Casares. Completan o traballo unha entrevista de M^a Xesús García a Kristina Berg e unha completa Bibliografía e unha Cronobiografía que preparou Alberte Valverde.

Como non podía ser doutro xeito, a pesar de estar en febreiro, as xentes fóronse indo aos poucos, non sen antes dar unhas voltiñas polo fermoso paseo tal e como Carlos Casares fixo tantas veces despois de rematar a agradable tertulia na terraza do "Eladio".

As tertulias do IEM

O Instituto de Estudos Miñoranos, atento como lle corresponde ao estudo e divulgación da cultura e, en xeral, de todo o referente ao patrimonio natural, histórico, artístico, arquitectónico, etnográfico, lingüístico, etc. dos tres concellos do Val Miñor, abriu o pasado 2002 unha nova fiestra cultural ao iniciar un ciclo de conferencias que pretende ter continuidade en anos vindeiros.

Con esta actividade pretendemos un dobre obxectivo; por unha banda, acercar ata nós personalidades que nas súas dis-

tintas especialidades son hoxe dun xeito ou doutro referentes no mundo científico, artístico ou literario de Galiza; e tamén que eles se acheguen e coñezan a realidade social e cultural da nosa comarca.

O labor dos nosos convidados e convidadas consiste nunha conferencia-coloquio sobre a temática axeitada á especialidade ou á obra do persoero, aberta ao público e, ao remate da mesma, participar nunha cea-coloquio. Estes actos celébranse un venres, primeiro ou segundo de mes, a fin de que a persoa que ata nós se achegue poida visitar o Val Miñor ao día seguinte, sábado.

Rompeu o lume destas tertulias o escritor, profesor e editor Víctor Freixanes. O noso convidado había ben pouco que fora nomeado director da editorial Galaxia, regresando así aos traballos editoriais que uns anos atrás realizara. De literatura, do noso idioma e da súa situación, de experiencias vitais, da infancia, do mundo editorial... e de Pontevedra. De todo falou aquela tarde do 8 de novembro Víctor Freixanes no salón do Hotel Bahía de Baiona. Logo a conversa seguiu, ata ben avanzada a noite, no comedor do mesmo hotel, polos mesmos sendeiros. O noso compañeiro Antón Mascato, tamén editor e mesmo editor do Freixanes escritor, introduciu ao convidado cunha atinada presentación.



Antón Mascato, Víctor Freixanes e Carlos Méixome na primeira das tertulias (Foto: A. Bouzó)

O esquema mantívose en todas as xornadas: un membro do IEM presentaba á persoa convidada facendo unha breve síntese da súa actividade intelectual e da súa obra. Na tertulia do 13 de decembro, ademais, xuntouse a amizade que de tempo une ao noso compañeiro Xulián Maure co invitado Xan López Facal. Así pois, foi algo máis que unha simple presentación. A intervención de López Facal centrouse nunha das súas especialidades: a economía, contemplada sempre dende unha óptica práctica tanto pola súa relación, de anos, coa promoción empresarial dende institucións públicas, como tamén pola súa formación técnica como enxeñeiro, actividade á que agora

está vinculado como profesor universitario. López Facal foi debullando os temas actuais: a internacionalización da economía, as crises da economía galega dos oitenta, os procesos de integración económica como a Unión Europea, o papel da eurorrexión, a excentricidade económica galega ou a economía do petróleo, xusto naqueles días nos que as costas galegas eran vítimas unha vez máis do afán depredador e da deixadez. A cea posterior tivo, nesta ocasión, un ambiente de camaradería, xa que serviu para que vellos amigos volvesen a compartir un tempo como había anos non facían.

A primeira charla do 2003 foi o 10 de xaneiro e correspondeulle ao profesor e antropólogo Xosé Ramón Mariño Ferro. Con anterioridade, o seu introduutor no Val Miñor, Xosé Lois Vilar, foi debullando a extensa obra do convidado. Mariño Ferro centrou a súa intervención, por un lado, nas conexións entre a cultura popular galega e a europea, analizando diversos aspectos que ten estudiado nos últimos anos; e por outro, na función simbólica do conto popular, que exemplificou no de Brancaflor, o cal analizou polo miúdo. Logo, coma sempre, a conversa prolongouse ata ben entrada a noite.

Unha laranxa e un limón agardaban riba da mesa dende a que se ía dirixir ao público que agardaba no salón do Hotel Bahía. Uxía Senlle tiñase comprometido con nós antes de que a maldición negra estragase as costas e o abandono e a inca-



Xulián Maure, Xan López Facal e Carlos Méixome (Foto: A. Bouzó)



Xosé Lois Viñar, Xosé Ramón Mariño Ferro e Carlos Méixome
(Foto: R. Estévez)



A laranxa, o limón, Uxía e Bieito Legaspi (Foto: A. Bouzó)

pacidade esixisen a mobilización popular que se aglutinou na plataforma “Nunca máis”, da que é unha das portavoces. Eran días de enfebrecida actividade para a nosa convidada. Aínda así estivo con nós aquela noite e ao día seguinte emprendeu viaxe, ben cedo, para representar a “Nunca máis” lonxe de Galiza. Coma sempre un membro do IEM, nesta ocasión Bieito Legaspi, presentou á nosa invitada guiándonos a través da súa obra musical con retallos dos distintos traballos publicados por Uxía ou nos que ten colaborado. A nosa convidada foi dando conta das súas razóns musicais, das fontes de inspiración, das influencias e dunha traxectoria xa consolidada. Quizais os asistentes agardasen tamén un final no que poder gozar coa fermosa voz de Uxía Senlle e o seu saber interpretar. Non ficaron defraudados. Xenerosa coma sempre, Uxía entoou algúns anacos das súas pezas máis populares, o público saboreou o agasallo e agradeceuno mesmo con simulada emoción. Ao remate, na cea correspondente, esta vez con algunha xente máis, xa que ata nós se achegaron algúns amigos e amigas de Uxía do veciño Val do Louro e do Baixo Miño, a voz feita música seguiu deleitándonos coas súas cancións, con cantigas portuguesas e pezas tradicionais.

A tertulia do mes de marzo foi o día sete. Naquela xornada achegouse ata nós un brillante xornalista, durante moitos anos traballou en *La Voz de Galicia*. Na actualidade é


profesor na Facultade de Xornalismo e dirixe TEMPOS NOVOS, unha revista que mes a mes nos fornece información seria, contrastada e analizada, cousa difícil de atopar hoxe en día. Mesmo Luís Álvarez Pousa tivo unha breve experiencia política como Director Xeral de Cultura durante o goberno tripartito. Pois ben, de todas estas cousas falounos aquela tarde-noite. Detívose no período da transición (segunda metade dos setenta), cando exercía como xornalista en Compostela, e nos primeiros anos da autonomía, para logo centrarse na análise do fraguismo e da relación entre o poder de San Caetano e os medios de comunicación, análises aos que lle ten dedicado moitas páxinas en TEMPOS NOVOS, ben en editoriais ou traballos de investigación nos que pon sobre o papel cifras e datos ben elocuentes. Nesta ocasión Ánxeles Bouzó foi a introductora do convidado quen, coma sempre, continuou cos temas daquela noite na posterior cea.

Quen non puido acudir á súa cita miño-rana foi Bernardino Graña; un problema de saúde impediullo. Afortunadamente recuperado, reciba dende estas páxinas o noso ánimo e os nosos mellores desexos. Visítaranos non había moito. Estivera con nós o 19 de outubro de 2002 na homenaxe a don Paco del Riego no Pazo da Touza, cando este fora nomeado fillo adoptivo de Nigrán. Agora tiña que vir falarnos da súa obra. Non puido ser. O que decidimos foi substituír o orador, pero non o tema. Fala-




Luís Álvarez Pousa durante a súa intervención nas Tertulias do IEM.
(Foto R. Estévez)

riáse pois aquel día de Bernardino Graña e da súa obra. Quen ía presentar ao convidado, o noso compañeiro Alberte Valverde, argallou a solución convidando a participar ao crítico, veciño e estudioso de Bernardino Graña, Heitor Mera, que fixo unha aproximación biográfica ao autor e un repaso da súa obra literaria, e a Anxo Angueira, quen fora alumno de Bernardino naquel Padrón e naqueles tempos nos que o primeiro sitúa o espacio literario de *A morte de A*. Así, mentres Mera achegounos a análise, Angueira fíxoo coa poesía, falando da admiración do alumno polo profesor que lle vai descubrindo o mundo da literatura, e polo medio a súa voz profunda e varuda recitaba aqueles versos que Bernardino Graña lle descubría ou aqueles outros que Bernardino escribía. Foron momentos emotivos nos que se deixaba sentir a preocupación pola saúde do poeta.



Falaren de Bernardino Graña: Alberte Valverde, Heitor Mera e Anxo Angueira (Foto: A. Bouzó)

O sétimo dos conferenciantes foi o profesor Xosé Luís Barreiro, quen foi un dos políticos galegos que se cadra máis poder concentrou nas súas mans, protagonista senlleiro dunha das escasas convulsións políticas desta autonomía que xa superou as dúas décadas. Na súa charla non defraudou aos asistentes, como tampouco aos que prolongaron a conversa coa cea posterior. Coa súa característica e fina ironía, así como coa súa axilidade nas respostas, provocou o sorriso, amosou un proxecto político elaborado e coherente, afastouse da idea de promover calquera caste de “sebastianismo” e en consecuencia rexeitou, nestes momentos, calquera movemento que tivese como obxectivo o seu regreso ao exercicio da política. Nunca rexeitou falar do pasado, pero mostrou máis entusiasmo ao falar da actualidade política: do futuro do país, do “fraguismo” esgotado, do cambio social nas dúas últimas décadas, do peso da mentalidade urbana fronte ao mundo rural, do autoritarismo “aznarista”, do País Vasco, de Cataluña, da configuración do estado, da construción de Europa, do favorable que é para Galiza o avance da idea europea... Estes son os temas que os seus lectores coñecen dende as páxinas de *La Voz de Galicia*. Só mostrou un certo desacougo cando no transcurso da cea varios asistentes o interpelaron polo feito de escribir en castelán a súa *A Torre Vixía*. Rexeitou as críticas con varios argumentos, entre outros que estaba máis próximo á actitude de Peña Novo, quen poñía en primeiro plano a intervención política inmediata, que de actitudes máis preocupadas polos aspectos culturais como as de Risco ou Otero Pedrayo. En todo caso, o profesor Barreiro Rivas, presentado polo director do IEM Carlos Méixome, deixounos unha tarde-noite intensa de ideas, de paixón política, de algunha que outra discrepancia e, sobre todo, de sincera preocupación polo país e as súas xentes.



Xosé Luís Barreiro con Carlos Méixome. (Foto: C. Xuíz)



Mª Xosé González, Francisco Armesto e Carlos Méixome na última das Tertulias do curso 2002-03. (Foto: R. Estévez)

Rematou a xeira de tertulias outro xornalista, Francisco Armesto Faginas. Nesta ocasión o noso convidado é un bo coñecedor do Val Miñor. Do seu maxín brotaron as fermosas palabras que acompañan as non menos fermosas fotografías de Manuel González Vicente que completan o libro *Baiona* (1992). No xornal *Faro de Vigo* formouse no traballo diario xunto a Álvaro Cunqueiro cando este o dirixía. Logo, durante anos, desempeñou o posto que deixara Cunqueiro. Na actualidade, ademais de colaborar en distintos medios, tanto de prensa escrita como radiofónica, é director da Universidade Popular de Vigo. A charla de Armesto Faginas, presentado pola compañeira do IEM Mª Xosé González Chamorro, transcorreu por un camiño distendido, como é propio do convidado, e no que unha e outra vez batiamos con Cunqueiro, personaxe co que Armesto tivo unha relación que o marcou profundamente e de quen, no seu momento, publicou unha extensa biografía que é aínda hoxe a máis completa. Así pois, entre humor, anécdotas e o bo narrar de Armesto Faginas foise a tarde ao igual que a noite, durante a cea, na que sen embargo o tema de conversa derivou cara outra biografía que o xornalista ten practicamente rematada, a do actual presidente da Xunta.

Ademais da colaboración dos convidados que se achegaron ata nós de forma totalmente desinteresada, cumpre resaltar

dous aspectos que permitiron o desenvolvemento deste ciclo: por unha banda a colaboración xenerosa das empresas Hotel Bahía de Baiona, Edicións do Cumio e Restaurante Pazo de Mendoza.

Doutro xeito, o propósito dos organizadores de que en cada cea se dese a coñecer, mediante unha breve presentación, un viño ou outro produto do país que logo se degustaría no transcurso da mesma foi posíbel pola colaboración das empresas que así o fixeron. Ao longo do ciclo presentáronse os viños Viña de Martín da D.O. Ribeiro; Maitines de Adegas Troncoso, D.O. Rías Baixas; A Pousa, producido en Vilaza (Gondomar), D.O. Rías Baixas; o viño Pazo Casanova, D.O. Ribeiro; Don Pedro de Soutomaior e Veigadares de Adegas Galegas-Grupo Galiciano; os produtos de Val do Miño, elaborados en Goián e o viño Valmiñor da D.O. Rías Baixas.

Subliñar tamén a colaboración dos membros do IEM Fernando Rei e Antonio Lago, que coidaron do son e das gravacións de voz, de Ánxeles Bouzó e Rosana Estévez, que tiraron as fotos, de Xosé Lois Vilar, que gravou as imaxes, e de Alberte Valverde que coordinou as tertulias.

Só resta comentar que na altura do peche desta revista as tertulias para o curso 2003-04 están xa pechadas e os convidados confirmados, polo que agardamos que o novo ciclo sexa tan do agrado dos asistentes como o anterior.

Antón Avilés de Taramancos, Letras Galegas 2003

Como o ano pasado, o Instituto de Estudos Miñoranos organizou unha serie de conferencias arredor da figura de Avilés de Taramancos, autor homenaxeado este ano. Decidimos propor como conferenciantes a Ana Romaní e a Miro Villar.



Ana Romaní e Soraia Domínguez no acto sobre Antón Avilés celebrado en Baiona. (Foto: A. Bouzó)



Miro Villar na súa conferencia que pronunciou en Nigrán sobre Taramancos. Á súa beira Soraia Domínguez e o daquela Concelleiro de Cultura de Nigrán, Arturo Carreira. De fondo a exposición sobre don Paco del Riego. (Foto: A. Bouzó)

O primeiro acto tivo lugar o sábado 26 de abril na cafetería Pazo de Mendoza, en Baiona, e foi presentado pola filóloga Soraia Domínguez. Ana Romaní é unha poeta de Noia moi coñecida polo seu Diario Cultural na Radio Galega. Esta bosquexou unha descrición do poeta noiés a través da súa obra lendo unha sorte de antoloxía básica de Avilés de Taramancos. Os comentarios foron moi didácticos e a posta en escena pódese describir como engaiolante. Ao rematar deuse pé a unha tertulia entre os asisten-

tes. Neste coloquio falouse da taberna de Avilés, da dinamización que este propuña aos autores máis novos ou sobre a presenza do ser feminino na obra do poeta.

O acto de Miro Villar tivo lugar o venres 16 de Maio na Casa do Concello de Nigrán. Miro é un poeta dos anos noventa e asemade é un bo coñecedor da obra de Avilés. Na súa disertación explorou a obra de Avilés e deseñou unha viaxe arredor dela. Como é habitual nestes actos, deuse pé a unha rolda de preguntas na que se creou unha mesa redonda verbo da poesía de Avilés.

En conclusión, organizáronse dous actos que amosaron a creación dun escritor e viaxante excepcional nas nosas letras, aínda que, de seguro, estes actos de honra son poucos para aclamar con loureiros a un dos maiores rapsodos do país.

Resistímonos a deixar pasar a oportunidade de engrandecer estas páxinas reproducindo un dos moitos fermosos poemas de Antón Avilés de Taramancos.

CHACHAHUÍ

Ter unha casa en Chachahuí sobre do cume do Cúndur-Cúndur que os incas bautizaron polas grandes aves míticas. Ter unha casa en Chachahuí e ver no fondo do precipicio o Putumaio brincar como un regueiro pequeniño.

Ter unha casa en Chachahuí e escoitar á noite o zunido dos vagalumes, dos cocuios, o canto do turpial e o miar estremeecedor do puma negro.

Ter unha casa en Chachahuí esquecerse do tempo, estar ao pé dun deus antigo amigo do sol.

Ter unha casa en Chachahuí.

Abaixo, no camiño de Ipales, na estrada do Ecuador brillan as flores ventureiras. Pero as estrelas son máis grandes.

Ter unha casa en Chachahuí.

Na presentación de O bosque de levas: algunhas claves da narrativa de Alfonso Álvarez Cáccamo

A nova novela de Alfonso Álvarez Cáccamo presentouse o venres 27 de xuño nun acto que tivo lugar na Biblioteca Municipal de Baiona. No mesmo interviron, ademais do autor e o director literario da editorial Galaxia, Carlos Lema, a profesora e integrante da Xunta de Goberno do Instituto de Estudos Miñoranos, M^a Xosé González Chamorro. A continuación reproducimos as palabras desta última dado o seu interese como achega á obra de Alfonso A. Cáccamo.

Alfonso Álvarez Cáccamo é unha das referencias máis salientables da narrativa galega actual ademais de ser un home moi vinculado ao Val Miñor, cultural, profesional e mesmo politicamente.

Interésame neste comentario dar conta soamente da súa faceta de escritor, reparar algunhas constantes da súa narrativa que me parecen relevantes na súa obra.

Non cabe dúbida, primeiramente, que a familia, os apelidos de Alfonso son dos que deixan pegada, dos que marcan e mesmo predispoñen cara a unha determinada profesión. Vindo dun Álvarez Blázquez, como que non podía dedicarse a outra cousa que non fose a literatura.

El mesmo é o autor dunha biografía, nunha colección chamada “Galegos na historia” da editorial “Ir Indo”, do seu pai, Xosé M^a Álvarez Blázquez, onde destaca a un home traballador consciente no desenvolvemento da cultura de Galicia, recollendo as súas palabras, na que “*había moito que facer*”, e así o fixo realmente, como escritor, como conferenciante, como o arqueólogo do Monte do Castro ou da illa de Toralla, como investigador, ou como editor de Edicións Castrelos, daquelas coleccións, algunhas tan entrañables como “O Moucho”, “Pom-

bal”, “Pico Sacro”, etc. E Alfonso tamén traduciu ao galego dúas novelas da autoría do seu pai tituladas: *Na vila hai caras novas* e *Enchen as augas*.

A seguir eu destacaría o humor, ou máis ben a ironía, a retranca, como unha forma de entender a realidade, moi presente en toda a súa obra; pero non é o seu un humor como tema argumental dunha historia, senón que máis ben é un recurso, un medio, un método de análise desa historia; moi enraizada na nosa tradición, desde as cantigas de escarnio e maldicir medievais ata as múltiples manifestacións populares.

Un humor tamén o seu do que se ten falado moito; recollo algunhas críticas, moi curiosas por certo, como por exemplo unha que di que o seu humor é “acedo e corrosivo”, ou aqueloutra que o define como “radioactivo”, pasando por outra na que se califica como de “sal groso”. O que caso é que, máis alá das etiquetas, por medio desa ironía Alfonso fai unha crítica da sociedade, ás veces despiadada e disparatada, como ocorre en *O eco de Ramallón*, onde se converte no cronista mordaz dese lugar imaxinario, caricaturizado, pero que ben podería saír do cruce entre os topónimos de Ramallosa e Mallón. Esa ironía tamén se fixo patente nas súas colaboracións na prensa escrita, onde disfrutabamos cos seus artigos sobre a política municipal, e ata cola-



Alfonso Álvarez Cáccamo e M^a Xosé González Chamorro durante a presentación de *O bosque de levas*. (Foto: R. Estlévez)

borou nalgún número do “Miñor” de Nano Cambeiro. Por este traballo, pola composición irónica e humorística dos seus artigos, foille concedido o Premio especial á comunicación do Museo do Humor de Fene.

E aínda que pareza un tanto paradoxal, moi relacionado co humor está o tema da morte, caso extremo, case sempre, de desesperados episodios de soidade, outra constante na súa narrativa. Os personaxes das súas novelas son personaxes únicos, enfrontados coa vida e mantendo unha loita permanente con ela. Son seres solitarios, inmersos en situacións insólitas, dramáticas, ás veces ata grotescas ou ridículas, nas que o silencio final, a morte, parece ser a solución máis digna.

Na súa última novela, *O bosque de levas*, fala sobre un axustizado nos tempos de Fernando VII que se sente frustrado por non morrer con dignidade. Nisto precisamente radica o argumento da novela, e a teima do personaxe, a súa loita vital por atopar a morte digna, para el, nun pelotón de fusileiros.

Pero cando a morte se converte en verdadeiro argumento é nunha obra, que a min particularmente me gusta moito, titulada *Xente de mala morte*, onde o autor fala do suicidio como unha constante en todos os relatos e, sobre todo, faino sen tremendismos, sen traxedias, como unha opción que explica moi ben Ricardo Iglesias Pumarín, o protagonista do relato titulado “R.I.P.” -fíxense que son as iniciais do seu nome-, e que di o seguinte: “*Desexo facer constar que a decisión de rematar coa miña vida é froito do meu dereito a exercer a máis sagrada das liberdades, que é a de apagar a luz cando queiramos*”.

A morte é algo inevitable, iso sabémolo todos, así que polo menos tratémola como unha compañeira de viaxe. Esa parece ser a mensaxe que nos quere transmitir Alfonso sobre a morte. Unha concepción da morte que, por outra parte, está tamén moi enraizada na cultura popular.

Outro tema que eu destacaría na súa narrativa última é o seu interese histórico pola Galicia do XIX, unha época esta de constantes enfrontamentos, de traizóns e persecucións, que se cadra botaron raíces firmes ata os nosos días. Unha época moi ben tratada en *O bosque de levas*, aquí baixo o punto de vista do editor liberal madrileño e antiborbónico, un volteriano confeso, que descoñece as reivindicacións históricas dunha Galicia sempre tinxida coa tónica auréola de mártir escravizada, e que son obxecto dos discursos acalorados do outro protagonista da novela, Alberte Nogueira, un profesor e escritor galego moi afeccionado á historia e comprometido politicamente, debaixo do cal atopamos moitos elementos autobiográficos do autor.

A pesar das diferencias, o encontronazo entre o espectro Marcelo de Salas e Alberte Nogueira serve para coñecérense mutuamente, é unha fonte de aprendizaxe recíproca, que choca radicalmente coa visión histórica que teñen os monxes do mosteiro de Oia, en *O espírito de Broustenac*, que viven aterrados agora polos novos tempos do liberalismo, apegados á defensa dos valores tradicionais monárquicos e que ven na desamortización o seu ocaso e a súa decadencia como institución de poderío en todo o Baixo Miño.

E finalmente esta incursión na obra de Alfonso Álvarez Cáceamo, por suposto moi parcial e persoal, céntrase na frecuencia importante do Val Miñor na súa narrativa. É de todos sabida a súa relación con Panxón, onde traballa desde hai bastantes anos e onde viviu tamén algún tempo. Alfonso non só coñece ben a paisaxe, senón tamén as tipoloxías humanas do Val Miñor.

Así, exemplifico brevemente que Praia América é o lugar de veraneo das tías de Rico Bornes, o amigo ricachón do Eu, do Euloxio, o peculiar protagonista do relato “*Canis fugit*” dos seus *Contos mamíferos*; e tamén no relato titulado “Os elefantes” cita a terraza do “Noxnap”, esa cafetería que


leva o nome de Panxón ao revés. En *O espírito de Broustenac*, dedicado ao pobo de Sta. M^a de Oia, cítanse tamén as comarcas que estaban baixo o dominio dos monxes do Cister, como o Baixo Miño, Erizana, Pedornes, A Guarda, etc. E no delirante *Eco de Ramallón* o alcalde aconsella evacuar aos ramalloenses pola Avenida Ricardo Mella cara a Baiona ante o perigo de contaminación acústica producida polo “Hei” de Julio Iglesias. Finalmente, en *O bosque de levas*, a familia Nogueira, receptora do espectro do XIX, vive en Panxón e perco-

rre con el, mostrándolle en coche o Val Miñor e o Baixo Miño.

Así pois, vemos como o Val Miñor é o escenario real de moitas das súas historias literarias e é tamén, agora nunha interpretación máis libre, o refuxio, o acubillo perfecto desde onde contemplar o mundo e a grandiosidade do mar, como fai Tití Corzo, a protagonista dese relato desacougado que é *Peito de vimbio*, case á fin do libro, “nun anoitecer de outono, fronte ao mundo máximo e sombrizo do Atlántico, sobre un con ciclópeo, nun recuncho escuro de Monteferro”.

Presentación de *Contos Galegos de tradición oral da Profesora Camiño Noia*

O salón do Hotel Pazo Mendoza de Baiona quedou pequeno para acoller á xente que acudiu á presentación da última publicación da profesora M^a do Camiño Noia Campos, *Contos galegos de tradición oral*. Era o 24 de xaneiro de 2003.



A profesora Camiño Noia asinando exemplares. (Foto: A. Bouzó)

O acto foi conducido pola profesora Concha Costas, que fixo un esbozo do destacado labor profesional da profesora Camiño Noia, quen dende hai moitos anos é veciña de Nigrán e exerce como catedrática de Filoxía Galega na Universidade de Vigo.

A profesora Camiño Noia fixo unha breve presentación do seu traballo, na que puxo

de manifesto que a obra ten intereses tanto para o lector que gusta da tradición oral como para o estudioso da etnografía ou para o especialista que gusta de apreciar as variantes da nosa lingua.

A serie de contos recollidos no volume van precedidos dunha ampla introducción e cada conto está catalogado segundo o criterio de Aarne-Thompson. Non deixou de subliñar a profesora Noia, ao igual que o fixera uns días antes o profesor Mariño Ferro nas Tertulias do IEM, as grandes coincidencias entre a tradición oral dos distintos pobos europeos e as variantes propias do folclore galego.

Ao tratarse de contos non podíamos deixar de escoitar algúns dos recollidos neste extenso volume. O primeiro, “O lobo cacique”, leuno M^a Xosé González. Logo a noviña lectora Sabela Vilar fixo as delicias dos asistentes coa lectura de “As ovelas e o lobo”. Alberte Valverde puxo voz a “Os seixos cocidos”, mentres Rosana Estévez leu “Morreu antes de tempo”; por certo este último conto, como moitos outros, foi recollido no Val Miñor, en concreto na parroquia de Camos.

No acto estivo presente Gonzalo Allegue, director da editorial Nigra-Trea, que realizou un fermoso traballo de edición.

No adeus de Lois Tobío

O pasado 12 de marzo falecía, na súa residencia madrileña aos 96 anos, Lois Tobío Fernández, o principal estudioso da personalidade de Diego Sarmiento de Acuña, I^o Conde de Gondomar. Unha perda irreparable tamén para Galiza, xa



Caricatura de Lois Tobío feita por X. Vizoso para a portada do libro *As décadas de T.L.*, Edicións do Castro. Sada-A Coruña, 1994.

que Tobío non destacou só como estudioso da obra de Gondomar, senón que foi un dos persoeiros máis relevantes da política e da cultura galega do século pasado.

Chama a atención o feito de que residindo case toda a súa vida fóra de Galiza, practicamente dende 1933 non estivo na súa terra máis que de visita, non obstante a realidade e o futuro do país estiveron sempre presentes no seu pensamento. A pesar deste afastamento participou nos momentos máis destacados do galeguismo ao longo do século XX: fundador, nos anos vinte, do Seminario de Estudos Galegos e, nos trinta, do Partido Galeguista (o único ao que pertenceu). Redactor do primeiro “Ante-

proxecto de Estatuto”, Díaz Pardo sempre se laía de que cando foi de elaborar o actual documento estatutario ninguén se acordase do home que máis sabía diso, Tobío. Inspirador, a petición de Castelao, do Consello de Galiza que o dirixente galeguista artellou no exilio; arquitecto, a petición de M. Puente, do Primeiro Congreso da Emigración celebrado en B. Aires en 1956; artesán laborioso na primeira gran empresa editorial galega: a edición da *Historia de Galiza* que, dende Trasalba, dirixía Otero Pedrayo e, dende Montevideo, fixo realidade de Tobío; colaborador e animador da primeira emisión radiofónica en galego, *Sempre en Galiza*, que aínda hoxe segue a emitirse polas ondas uruguaias. Traductor ao galego de diversos poetas, de Brecht, de Goethe. Autor do primeiro gran libro de memorias en lingua galega. Ensaísta brillante, diplomático de carreira que viu cortada pola sublevación militar que truncou a esperanza democrática que trouxera a República á que serviu dende importantes postos no goberno.

En fin, unha xenerosa e longa vida chea de actividade e esforzo polo país, na que lle deu tempo tamén a dedicar vinte anos, despois de establecerse en Madrid, ao estudio do Conde de Gondomar.

No seu momento o Concello de Gondomar, a proposta do IEM, acordou por unanimidade denominar ao seu Auditorio Municipal co nome de Lois Tobío (REM n^o 2, 2002)¹. Era un mínimo detalle con quen dedicara tanto desinteresado esforzo á investigación sobre o Conde de Gondomar. Ese traballo de dúas décadas plasmouse en diversas publicacións, primeiro na forma de artigos en *Grial*², daquela dirixida por Paco del Riego, quen por certo trouxo a Tobío a Gondomar a coñecer o Pazo do seu admirado Diego, e despois en forma de ensaios longos³. Ben sabemos que a Lois Tobío lle gustaría ver reeditados na súa lin-



Constanza Tobío ao pé da Fonte da Area. (Foto: Cruz Xuíz)

gua os seus libros sobre Gondomar, así como o texto inédito.

Tobío pasou máis de setenta anos da súa vida fóra de Galiza. Cando regresou do exilio e se estableceu en Madrid, aproveitaba os veráns para pasar uns días no seu Viveiro natal. O catro de xullo tiveron lugar unha serie de actos organizados polo Seminario de Estudos "Terra de Viveiro", do que Tobío era presidente de honra, e polo Concello de Viveiro. Ese mesmo día cumpriuse a súa derradeira vontade: que as súas cinzas fosen espaxadas alí, no mar de Viveiro, fronte á insua da Area.

Como non podía ser doutro xeito, o Instituto de Estudos Miñoranos estivo presente nos actos de homenaxe acompañando aos viveirenses, aos amigos de Terra de Viveiro e a Constanza e Miguel Tobío. Primeiro na fonte da Area, ao pé do convento no que residiu, espacio reflectido con nostalgia en *As décadas de T.L.*. Despois no *Garoa*, acompañando os seus restos ata a boca da ría de Viveiro, e logo no acto cultural no que interviron ou se adheriron institucións e personalidades de todo o país, entre elas o IEM e o Concello de

Gondomar, o cal o vai nomear fillo adoptivo.

O Seminario de Estudos Terra de Viveiro e o Concello de Viveiro anunciaron a realización dun Congreso sobre a figura de Tobío a celebrar no 2006, ano no que se cumprirá o centenario do seu nacemento, a fin de recuperar para Viveiro, Gondomar e Galiza a vida e a obra dun "bo galego" que na súa derradeira viaxe regresou ao mar de Viveiro que o vira nacer.


O Instituto de Estudios Miñoranos anda nestes momentos nos labores de preparar tanto o nomeamento como fillo adoptivo de Gondomar como na realización dunha xornada sobre Tobío e Gondomar a celebrar no ano próximo.

NOTAS

- 1 Con motivo destes actos o IEM publicou nos seus Cadernos do IEM o traballo da profesora Rosa Pascual Abal, *Lois Tobío, unha aproximación biográfica*, Vigo 2001. Está esgotado.
- 2 Os artigos de Tobío sobre Gondomar publicados en Grial son: "O nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres" Grial, tomo 7, nº 24, páx 133-162, 1969; "O erasmismo de Gondomar" Grial, tomo 8, nº 28, 1970, páx. 129-159; "Gondomar e o galego" Grial, tomo 11, nº 40, 1973, páx. 133-144; "Outras dúas cartas en galego a Gondomar" Grial, tomo 15, nº 57, 1977, páx. 366-367; "A amizade de Bacon e Gondomar" Grial, tomo 18, nº 68, 1980, páx. 210-215; "Galego familiar escrito a comezos do século XVII" Grial, tomo 18, nº 69, 1980, páx. 357-358. Reordenados foron publicados en libro: *Catro ensaios sobre o Conde de Gondomar*. Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, Vigo, 1991, con motivo da homenaxe a Tobío que en Trasalba organizou a Fundación Otero Pedrayo. Tamén publicou "Cuestiones de precedencia en la Corte inglesa durante la embajada de Gondomar" en Revista de Estudios Internacionales, abril-junio, 1984.
- 3 Os traballos de Tobío sobre Gondomar son: *Gondomar y su triunfo sobre Raleigh*. Editorial de los Bibliófilos Gallegos. Santiago, 1974. *A intervención de Gondomar nos problemas internacionais de pesca*. Edicións do Castro, Sada, 1984. *Gondomar y los católicos ingleses*. Seminario de Estudos Galegos, E. do Castro. Sada. 1987. *Dos embajadores: Gondomar y Digby*. (Inédito)

As Xeiras do IEM / verán 2003

A boa acollida das visitas guiadas que organizamos no verán pasado empurrou á Xunta de Goberno do IEM a organizar outras semellantes no verán do 2003. As visitas concentráronse nos meses de xullo e agosto por ser este período de vacacións, pero tamén para ir indicando que hai máis actividades posibles durante esta época do ano, que o valor patrimonial ou paisaxístico do Val Miñor é moito, e que corresponde aos concellos promover este tipo de actividades, con seriedade e tamén con medios. Nós podemos organizalas con rigor e vontade, pero non temos medios económicos. Só pretendemos abrir un camiño; corresponde a outros consolidalo.



Só cando estamos dentro da fraga somos capaces de percibir a beleza e variedade de especies vexetais e animais que contén. Podemos pasar pola beira e non decatarnos dos tesouros que agocha. (Foto: Ánxeles Bouzó)

Ao longo dos dous meses tipicamente estivais organizamos nove saídas; isto significa máis dunha por semana.

A FRAGA DA OLIVEIRA


Comezamos este ciclo cunha visita que non fixeramos o pasado ano, un percorrido por paraxes dacabalo dos concellos de Gondomar e Baiona, polas beiras do río da Groba, entre os lugares da Granxa e Belesar en Baiona e Aburlido e Oliveira en Gondomar. Deste último recibe o nome, a Fraga de Oliveira. Só cando estamos den-

tro da fraga somos capaces de percibir a beleza e variedade de especies vexetais e animais que

contén. Podemos pasar pola beira e non decatarnos dos tesouros que agocha.

Preto das estradas ateigadas de coches e das praias cheas de xente está este “paraíso secreto” que pretendemos conservar e protexer. O visitante da fraga así o entenderá no intre mesmo no que se introduza no seu cerne. As fadas e os trasnos da fraga falaranlle e farano prisioneiro cos seus feitizos, xurará volver e coidar de que ninguén estrague este berce de seres puros, arrolados polas cantigas da auga que burbulla nas fervenzas e as pozas dos regatos que dan no río da Groba. “Móvese o silencio”, dicía o poeta, e falan, en falas codificadas, os milleiros de seres que nela habitan: o carballo e a sobreira; os ameñeiros; os acivros; os castiñeiros e loureiros; as abeleiras e as cerdeiras; os estripeiros; o escambrón; pradairos, freixos, salgueiros e sanguños; piñeiros e eucaliptos; buxos, mirtos e oliveiras; acacias e vimbieiras...

Os compañeiros do IEM Chema Bouzó e Xilberte Manso fixeron de guías experimentados aquel 17 de xullo no que subi-



Os compañeiros do IEM Xilberte Manso —na imaxe— e Chema Bouzó fixeron de guías experimentados. (Foto: Ánxeles Bouzó)

mos o río da Groba pola mesta fraga. Saída de esforzo físico tamén, pero sobre todo para gozar do momento e da natureza.

O OUTEIRO DOS LAMEIROS

O 22 de xullo visitamos o conxunto de petroglifos que denominamos Outeiro dos Lameiros, en Sabarís (Baiona), e que engloba varios lugares con inscricións pétreas: Os Campos, A Costa de San Lourenzo, A Tomada dos Ineses, tamén chamada A Devesa do Rei ou A Fonte da Armada, A Regueira de Retruca e A Regueira do Grilo. Nuns poucos centos de metros hai unhas trinta superficies gravadas que foron descubertas en 1984 polo compañeiro do IEM que nos servía de guía, Xosé Lois Vilar. Entre o conxunto chama a atención a gran cantidade de reticulados (máis de 20), considerados taboleiros de xogo de época histórica e que en dous casos están acompañados de letras latinas. No conxunto destaca o panel vertical no que aparecen gravados, esquematicamente, uns sesenta cuadrúpedes que nos inclinamos a interpretar como équidos xa que non teñen cornos e si unha abundante cola. O panel complétase cunha serie de trazos paralelos, dúas figuras de difícil interpretación e unha estrela de seis brazos. Outras rochas insculpidas mostran coviñas, soas ou combinadas con círculos simples ou concéntricos, ás veces con coviña central, e con sucos que comunican unhas figuras con outras.

Agardamos que cada un dos visitantes do Outeiro dos Lameiros se convirta nun protector desta xoia da arte rupestre e non nun agresor que atenta contra dela camiñando por riba, riscando os seus sucos con xiz, tella, ladrillo, pedra, ferro ou o que sexa. Temos que protexelos, levan catro mil anos resistindo a erosión da natureza; agora debemos axudalos, como pretende facer a Comunidade de Montes de Sabarís, que leva tempo intentando recadar os fondos necesarios para acometer un proxecto que será digno de imitar en todo o país e unha

chamada de atención ao desleixo municipal e da Xunta.

A IGREXA DE PARADA

Á semana seguinte, o 29 de xullo, saímos dende a Casa do Concello de Nigrán ata a Igrexa de Parada para que o especialista na arte románica Francisco Javier Ocaña Eiroa nos ilustrase sobre esta pequena xoia da arte románica. As primeiras noticias que temos da parroquia facilítanolas o historiador Francisco Ávila y La Cueva, quen constata a súa existencia alá polo ano 915, sen deixar clara a existencia ou non dun templo anterior, aínda que poderíamos presumir que si, que nada tería que ver co actual. A primeira referencia documental é de 1182, polo que se nos atemos á cronoloxía e tamén por razóns estilísticas estaríamos ante unha igrexa tardo-románica ou protogótica, xusto do momento da gran eclosión da arte románica en Galiza (1150-1200), no que se acostuma a chamar Terceira Arte Románica. En calquera caso, o primitivo templo románico acolle hoxe tamén obras de estilo barroco a causa das reformas e transformacións realizadas a principios do século XIX. Tipoloxicamente é unha igrexa dunha soa nave con ábsida semicircular e tramo recto. Durante a visita os cantos gregorianos dos monxes de Silos e as explicacións de Ocaña Eiroa fóronnos introducindo no ambiente relixioso da época.




O especialista na arte románica Francisco Javier Ocaña Eiroa ilustrounos sobre esta pequena xoia da arte románica que é a Igrexa de Parada. (Foto: Alfonso Soliño).

Rematada a visita á Igrexa, e despois de agradecer ao párroco Santiago Vega a súa atención con nós e o interese polo bo coitado e restauración desta fermosa obra de arte, trasladámonos ao miradoiro do Monte Castelo, ese curuto dende o que se contempla unha das mellores visións do Val Miñor. Lugar no que se pretende a localización dunha fortaleza medieval, da que non hai a penas restos aínda que si referencias documentais. A tipoloxía do terreo non fai máis que reforzar esta hipótese. Dende o alto do miradoiro vimos ao fondo a Igrexa de Parada e preto dela o chamado Pazo de Suero Iáñez de Parada, en estado penoso. As explicacións do membro do IEM Carlos Méixome leváronnos cara a este importante personaxe do convulso século XIV galego. Iáñez de Parada, quen tería alí a súa casa orixinaria, foi un dos máis destacados defensores da causa de Pedro I, e como tal participou no Consello de Monterrei, na batalla de Nájera e mesmo estaba presente na tenda de Duglesclin cando Henrique II matou a Pedro. A guerra dos Trastámara continuou en Galiza durante anos e Iáñez de Parada participou nela dende o seu refuxio portugués, onde morreu en 1380.

A AUGA DA LAXE

A cuarta das xeiras foi de novo aos petroglifos de Auga da Laxe en Vincios (Gondomar). A intensa calor non botou



Xosé Lois Vilar agardando pola chegada do grupo para observar dous muíños naviculares de soporte fixo que se atopan neste abrigo. (Foto: Alfonso Soliño)

atrás aos visitantes nin ao guía, coma sempre nestes temas, Xosé Lois Vilar Pedreira. Dende Gondomar subimos por Chain para deternos primeiro na Chan de Prado ou Chan das Moutas, observar algunhas das mámoas daquel campo de enterramentos e escoitar as explicacións de Xosé Lois Vilar sobre este tipo de monumentos funerarios.


Seguimos logo ata A Pedra das Proceções, como a denominan os veciños, xa que vían nelas estandartes e bandeiras, para contemplar o petroglifo de armas máis importante do continente europeo, descuberto, entre outros, por F. X. Costas Goberna en 1983, asunto do que el mesmo dá conta nestas páxinas no artigo denominado “20 anos da localización dos petroglifos de Auga da Laxe”. Os vinte e sete motivos (puñais, escudos, alabardas e unha espada) de Auga da Laxe I están representados dereitos nunha superficie inclinada, do mesmo xeito que nas outras tres superficies con armas, coñecidas como Auga da Laxe II, III e IV que representan puñais, alabardas e coviñas.

A Pedra das Proceções, ao pé do Monte do Galiñeiro, nun chanzo tectónico a máis de 400 m.s.n.m. que comunica o Miño coa ría de Vigo, está situada nun contorno arqueolóxico de mámoas (Chan do Pino ou Chan de Valverde ou Os Bermús), muíños naviculares de soporte fixo (en tres lugares) e coviñas en diversas superficies. Sinalar tamén que con motivo da apertura dun camiño ten aparecido cerámica que podería ser indicio dun hábitat quizais coetáneo. Lembrar tamén que dende poucos lugares se pode gozar dunha mellor vista sobre o Val Miñor, as Cies e a ría de Vigo.

BAIONA

Mudamos de ambiente o mércores seis de agosto para xirar unha visita ao casco histórico de Baiona. Cunha calor ben digna de lembrar, máis dun cento de persoas comezamos un percorrido por algúns dos

edifícios e lugares máis salientábeis da Baiona histórica. Comezamos polo convento de clausura das Freiras Dominicanas, onde visitamos a súa Igrexa, e despois a capela da Misericordia, na que fomos recibidos polo Confrade. Logo dirixímonos á Casa do Concello, un magnífico edificio no que destaca o seu patio interior con arcos deprimidos cruzados e unha espectacular escaleira de cachotería e perpiaño. Foi o seu promotor Lorenzo Correa e Araújo e o seu constructor o mestre canteiro da Guarda Xoán Portela. O edificio foi rematado en 1757 e é coñecido como Casa de Lorenzo Correa, aínda que no século XIX tamén foi coñecida como Casa de Salgado ao facerse coa súa propiedade esta familia baionesa. No interior da Casa observamos os retratos dos irmáns Misa Bertemati, Manuel e Ventura, o primeiro cos títulos de Marqués de Misa e Conde de Baiona. Saíndo á Praza do Concello observamos dende o exterior que o mal estado de conservación non permite a visita á Casa de Ceta, unha das máis antigas de Baiona, tamén chamada a Casa do Perdón en virtude dun privilexio dos Reis Católicos, segundo o cal os condenados que ata ela chegasen e puideren agarrarse a unhas cadeas da portada tiñan que ser perdoados. Hoxe consérvanse as marcas das argolas. Logo viramos pola Casa de Salgado, do século XVI, subimos pola rúa que lembra ao compañeiro de Magalhães e Elcano, Diego Carmona, para encamiñármolos por un dos recantos máis fermosos da vila, o Camiño de Entrehortas, para logo subir ata a Capela de San Xoán do Monte, pasar por diante de Santa Liberata e a Colexiata, que deixamos para outro día, e dirixirnos ata o Hospital de Sancti Spiritus, hoxe Casa da Cultura con función de Biblioteca. Sobre este interesante edificio non temos máis que recomendar aos lectores o excelente traballo do noso colaborador Xaime Garrido na REM nº 2, 2002, titulado “O antigo hospital de Sancti Spiritus de




O Cruceiro da Trindade foi outro dos monumentos visitados no paseo por Baiona. (Foto: Anxeles Bouzó)

Baiona” (pp. 25 a 35). De alí camiñamos cara ao Cruceiro da Trindade, esa espectacular construción de comezos do s. XVI, cos seus arcos oxivais, os restos de policromía, o altar de pedra e sobre todo o baldaquino que o converte nun edificio singular. Baixamos pola Porta da Vila, refrescámonos na Fonte de Ceta e rematamos na Praza da Froita, oficialmente chamada de Pedro de Castro, o médico estudioso dos xordomudos nacido en Baiona en 1592. Alí, fronte ao Pazo de Mendoza ou Casa do Deán, mandada construír polo que fora Coengo, Cardeal e Deán Policarpo de Mendoza (1706-1794) rematou esta visita guiada polos membros do IEM Xosé Lois Vilar e Carlos Méixome.

O martes 12 visitamos dous edificios que deixamos á marxe na visita anterior: a igrexa de Santa Liberata e a Colexiata. Nesta ocasión actuou como guía o arquitecto, durante máis de dúas décadas traballou en Patrimonio, Rafael Fontoira Surís, autor de diversas publicacións sobre o románico pontevedrés.

A Ex-colexiata, deixou de selo en 1850, é o monumento máis importante dos moitos que posúe a Vila de Baiona. Pertence ao románico de transición (S. XIII) e está claramente influenciada pola arquitectura de Santa María de Oia, nomeadamente nas capelas rectangulares e na colocación dos



Alfonso Soliño fixo un ano máis de guía. Á súa beira o XII Conde de Gondomar, D. Gonzalo Fernández de Córdoba y Calleja.

arcos da nave principal. De planta basilical con tres ábsidas rectangulares e tres naves, das que a central é moito maior que as laterais. No exterior, co seu aspecto de fortaleza remarcado polos grosos contrafortes, a porta occidental ten tres arcos cada un con tres arquivoltas e no alto do pórtico hai un rosetón sinxelo propio da época de transición do románico ao gótico. No interior ten interese especial contemplar as innumerábeis marcas dos canteiros e especialmente os sinais gremiais, así como o altar maior barroco.

Mentres, a Igrexa de Santa Liberata (1701) é dun estilo que poderíamos denominar barroco italianizante, coa virtude de manter unha grande unidade estilística, tamén no interior.

O PAZO DO CONDE DE GONDOMAR

O xoves 14 de agosto, e como o ano anterior baixo a guía do arquitecto técnico e membro da Xunta de Goberno do IEM Alfonso Soliño, xuntámonos diante do Concello de Gondomar para iniciar a visita ao Pazo do Conde. Imaxinando o Gondomar doutros tempos, comezamos o paseo no lugar que ocupou no seu momento a Porta da Paradela e dirixímonos ata a Porta do Sol. Entramos no recinto amurallado polo camiño de Tui, contemplamos a fachada norte cos seus magnolios, entramos no patio

de armas, visitamos a capela para dirixirnos por diante da garita da garda a cabalo ata a Porta de Baiona, este ano cunha visión máis doada da vila de Gondomar e a Serra do Galiñeiro, e finalmente introducimos na espesura do bosque que rodea o edificio para visitar a Torre que hai no interior do mesmo. Como o ano anterior recibímonos o XII Conde de Gondomar, D. Gonzalo Fernández de Córdoba y Calleja.

O CASTRO DE CHANDEBRITO

O 19 de agosto visitamos a parroquia de Chandebrito baixo a experta dirección de Xabier Groba, do CE Maúxo, un dos autores do magnífico traballo *Historia de Chandebrito*, editado pola Comunidade de Montes de Chandebrito e o Concello de Nigrán en 1997.


Chandebrito é a parroquia (recente, non se constituíu como tal ata 1807 ao separarse de Camos) menos poboada e máis pequena do concello de Nigrán. Os barrios que conforman Chandebrito son catro: o da Igrexa (o antigo lugar de Chandebrito), o das Tomadas (o actualmente máis poboado), Prasíns e As Rosadas.

Coma no resto do interior montañoso miñorano, a paisaxe de Chandebrito está marcada por unha accidentada orografía chea de recunchos con nomes propios e singulares e unha situación estratéxica de paso secundario entre o Val do Fragoso e o Val Miñor. Os principais recursos de Chandebrito susténtanse na riqueza de augas: moitas e boas fontes, regatos e ríos, nacentes de dúas pequenas concas fluviais enfrontadas que entrecortan a vella paisaxe de outeiros, penedías, encostas e chans graníticas que favorecen os pastos para o gando e onde non faltan tampouco terras dedicadas, con moito traballo, a labradío e mesmo a horto e viña. A vida rural mantense hoxe nun segundo plano. A principal riqueza de Chandebrito, a súa riqueza paisaxística e cultural, está por desenvolver. Chandebrito ofer-

ta a posibilidade de observar, sen moitas dificultades, a longa continuidade da humanidade nestas terras do sur da ría de Vigo gozando á vez dunha natureza e situación xeográfica privilexiadas.

Despois de visitar diversos tipos de canalización de augas, as levadas ou lovadas, que abastecen a serie de muíños que bordean o monte do Castro, que quizais é o máis recoñecido e abraiante do seu patrimonio arqueolóxico, dende o curuto do Castro puidemos contemplar, coas indicacións de Xabier Groba, os barrios dos que falamos, as vistas sobre a ría, os montes da contorna e mesmo a estrutura de aldea medieval que conserva o vello centro da parroquia. Comparte o castro fama con restos anteriores menos evidentes, tanto do proceso de neolitización (ducias de petroglifos, varios xacementos ao aire libre e baixo cova de distinto tipo e unha mámoa) como de máis atrás no tempo, coñecendo-se en Chandebrito dúas zonas con xacementos do Paleolítico Inferior, ca. 300.000 anos. O patrimonio etnográfico, por catalogar aínda con seriedade, conta con verdadeiras alfaias tanto no asociado coa auga (muíños, fontes, presas, canles e lovadas) como no inmobile: algunhas casas e cortes na Farruxenta, en Prasíns, nas Rosadas ou no Sueido; a Casa Rectoral e a Igrexa Parroquial neoclásicas; ou algún vello camiño como o da Cringosta ou o do Costal, que sobreviven ao ímpeto das escavadoras por abrir novas pistas para os coches.

Visitamos así algúns dos petroglifos para dirixirnos despois ata o conxunto dos tres Muíños de Rodas, tres muíños en ruínas nun fermoso espacio que a moitos fixo lembrar algunhas zonas da fraga de Oliveira. Para chegar ata alí percorremos un camiño que previamente limparon os colaboradores de Xabier Groba: M^a Luz Coto, Eduardo Méndea Quintas, Miguel García García e Eladio Rodríguez López, a quen dende estas páxinas damos tamén as grazas.




Visitamos a parroquia de Chandebrito baixo a experta dirección de Xabier Groba, do CE Maíxo, un dos autores do magnífico traballo *Historia de Chandebrito*, editado pola Comunidade de Montes de Chandebrito e o Concello de Nigrán. (Foto: Anxeles Bouzó)



A Rota de Palacios comezou no arco visigótico de Panxón ao pé do Templo Votivo do Mar de Panxón. (Foto: Rosana Estévez)

A ROTA DE PALACIOS

A última das xeirias foi semellante á que o pasado ano realizamos con motivo da gran exposición que o Concello de Vigo organizara sobre a obra de Antonio Palacios. Como daquela, o guía foi un dos máis recoñecidos especialistas na obra do arquitecto porriñés e colaborador do IEM, Xosé María Ramón Iglesias Veiga. Queremos subliñar dous artigos da súa autoría publicados con anterioridade na nosa revista: “Antonio Palacios en Nigrán. A procura dunha arquitectura de raíces galegas”, REM nº 1, 2001, p.51 a 75 e “A Virxe da Rocha, un singular proxecto de Antonio Palacios”, REM nº 2, 2002, p. 35 a 47, polo enorme interese para aqueles que desexen acercarse á obra de Palacios en xeral ou á localizadora no Val Miñor en particular.



Xosé María Ramón Iglesias Veiga durante as súas explicacións no interior do Templo do Mar. (Foto: Ánxeles Bouzó)

No Val atopamos exemplos da mellor arquitectura de Palacios, aquela que busca converterse en emblema e espertar un sentimento, unha emoción. Unhas propostas de marcado acento persoal, coas que Palacios pretende ademais xerar unha arquitectura de contidos propios, no momento no que se está producindo a afirmación do sentir galego trala creación das Irmandades da Fala en 1916. Antes de tomar este camiño, froito dunha aproximación nostálgica e sentimental ao ambiente cultural do galeguismo, xa proxectara para a vila de Baiona o monumento da Virxe da Rocha: unha proposta emblemática e plena de referencias simbólicas.

O Templo Votivo do Mar de Panxón, proxectado en 1932 e inaugurado en 1937, co paso de tempo converteuse no emblema arquitectónico da vila de Panxón. É ademais exemplo significativo da proposta rexionalista de acentos galegos que Antonio Palacios comeza a definir cara ao ano 1918. Nesta obra Antonio Palacios acentúa o carácter emblemático e poético da

súa arquitectura, recollendo certas tradicións constructivas galegas e dirixindo a mirada ao mundo medieval. Ese carácter rudo e primitivista contrasta coa riqueza cromática e de texturas do interior, no que destaca a experimentación con diversos materiais: mosaicos de anacos de azulexos de vivas cores, granito, lousas de pavés, etc. A proposta do proxecto partiu do propio Palacios ao coñecer o arco triunfal visigótico do presbiterio da vella igrexa de Panxón. O arquitecto porriñés propón que se conserve conxuntamente coa ábsida, comprometéndose a trazar os planos da nova igrexa.

En Praia Lourido deixa Palacios dúas magníficas mostras da súa proposta de vivenda residencial de carácter rexionalista: a casa para o caricaturista madrileño Sileno, un chalé que entronca coas tradicións constructivas galegas, se ben mestura algún elemento foráneo, e sobre todo a casa de Celso Méndez, na que a importancia dada á forte expresividade do rudo muro de cachotería galego na definición plástica da proposta rexionalista de Palacios chega ao seu punto climático. Nesta pequena e singular obra os paramentos son elaborados con cachotes de granito sen tallar, colocados no muro tal como veñen da canteira, alcanzando o conxunto unha gran riqueza de texturas e cromática. Esta pequena obra pon de manifesto como a proposta rexionalista de Palacios se afastou da copia e do pastiche, camiñando pola senda da investigación e da creación persoal.

Queremos agradecer tanto ao cura párroco de Panxón como aos actuais propietarios da chamada casa de Celso Méndez e á Comunidade de Montes de Baiona as facilidades dadas para poder visitar estes edificios. Tamén aos numerosos asistentes ás xeirás, moitos deles particularmente fieis, polo que supón de confianza e de ánimo.


Continúan vivas as exposicións do IEM

O Instituto de Estudos Miñoranos comezaba as súas actividades públicas, aló polo agosto de 2000, coa exposición fotográfica *O Val Miñor nos albores do século XX*. Ao ano seguinte, en xuño de 2001, inaugurábase unha celebrada exposición sobre petroglifos. As dúas seguen vivas e dando voltas. A primeira estivo este ano visitando Morgadáns. Alí expúxose durante un mes nos locais do Centro Cultural que acolle o varudo edificio erguido pola vontade e os recursos dos emigrantes en América agrupados na sociedade de fillos de Morgadáns. Alí, naquel edificio cargado de historia e sentimento, proxectouse tamén o filme de José Gil *Nuestras fiestas del allá*. A acollida foi tan boa que meses despois, en agosto, a comisión de festas volveunos solicitar a proxección, agora ao aire libre e no campo da festa. Alí fomos montar a proxección animados porque os veciños aprendan a valorar o pasado, o esforzo e xenerosidade dos devanceiros.

O respecto polo pasado e a importancia de protexer un patrimonio milenario é o que pretendemos difundir coa exposición sobre os petroglifos. E con ela vai sempre Xosé Lois Vilar, incansable no seu labor de divulgación e estudo das inscricións pétreas que hai centos de anos realizaron os nosos anter-


gos e que nós temos a obriga de transmitir nas mellores condicións aos nosos descendentes.

A exposición visitou este ano o Instituto de Ensino Secundario “Val Miñor” de Nigrán. Con posterioridade estivo no Colexio Público da Cruz de Camos, onde nenos e nenas traballaron durante días sobre a prehistoria, e máis en concreto sobre os petroglifos e as xentes que os realizaron. Unidades didácticas, debuxos, calcos, cómics realizados por alumnos e alumnas acompañaban os paneis e as fotos da nosa exposición.



Xosé Lois Vilar nunha das súas charlas no CP de Covaterreña. (Foto: Rosana Estévez).

Logo foi ata Baiona, ao Colexio Público de Covaterreña, onde os profesores e profesoras organizaron un programa de actividades que incluían unidades didácticas, charlas e visitas guiadas. As actividades estaban organizadas tamén pola ANPA do colexio, polo que estas se adecuaron tamén ao horario dos pais. Así, a exposición estivo aberta fóra do horario escolar e houbo conferencias e visitas guiadas tamén para os adultos.



Os alumnos e alumnas do CP de Covaterreña nunha visita aos petroglifos guiada por Xosé Lois Vilar. (Foto: Rosana Estévez)



